

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, IMPULSO E FORMACIÓN PARA O EMPREGO DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA VINTE E CATRO DE XULLO DO ANO DOUS MIL VINTE E SEIS

ASISTENTES

PRESIDENTA:

Dña. Belén Cachafeiro Anta

SUPLENTE :

D. Marcos Guisasola Padín

V O G A I S :

D. Rafael Domínguez Artime

D. Jorge Cubela López

D. Ricardo Martínez Chantada

Dña. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Jesús Vázquez Almuíña

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D. Paco Ferreira González

D. Javier Iglesias Mougán

Dña. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Gregorio Luís Agís Gómez

Dña. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

Dña. Beatriz Lomba Rodríguez

Dña. María Manuela Rodríguez Pumar

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas e corenta minutos do día vinte e catro de xullo do ano dous mil vinte e seis, reúnense baixo a presidencia de Dña. Belén Cachafeiro Anta, os/as señores/as deputados/as que á marxe se relacionan, membros da dita Comisión convocados coa correspondente orde do día.

Actúa como secretaria por delegación, Natalia Abalo Araújo, adxunta á Xefatura do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

Aberta a sesión por parte da Presidencia pásase ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.



1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria, do dezanove de xuño de 2026.

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión ordinaria, do día dezanove de xuño do ano dous mil vinte e seis.

2. Dar conta da aprobación das bases reguladoras e convocatoria en réxime de concorrência competitiva, do proxecto “+Emprega en centros especiais de emprego 2026” para o financiamento dos custos de persoal das unidades de apoio á actividade dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro. (Expediente 2026050023).

A Comisión queda enterada.

3. Dar conta da aprobación das bases e convocatoria de selección de centros educativos sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra e dependentes da Xunta de Galicia que impartan ensinanzas de educación primaria, educación especial, educación secundaria obrigatoria e formación profesional para participar nos proxectos “DepoEmprende na ESCOLA”, “DepoEmprende na ESO” e “DepoEmprende na FP”, no marco do programa “DepoEmprende” 2026-2027 (Expediente 2026053773).

A Comisión queda enterada.

4. Dar conta da aprobación da ampliación da duración do Proxecto ERASMUS+ 2025 ata os 24 meses (Expediente 2024080811).

A Comisión queda enterada.

5. Dar conta da concesión da 7ª Mobilidade do proxecto ERASMUS+ 2025 (Expediente 2024080811).

A Comisión queda enterada.

6. Rogos e Preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, cando son as doce horas e corenta e cinco minutos do expresado día, do que eu, secretaria, dou fe.

(Asinado dixitalmente ao marxe)

